




O SISTEMA SOLAR:




MERCURIO:



É o primeiro planeta, pois está máis preto do Sol. É o planeta máis pequeno de todo o Sistema Solar. Tarda 88 días en dar unha volta completa arredor do Sol.



VENUS:



É o segundo planeta máis próximo ó Sol. É o planeta máis quente, xa que os gases da súa atmósfera case non deixan escapar a calor. É máis pequeno que a Terra, e tarda uns 225 días en rematar unha órbita arredor do Sol. A diferenza dos demais planetas, xira cara atrás, ou na dirección contraria á habitual.




TERRA:



É o terceiro planeta máis próximo ó Sol. Ata agora é o único que ten seres vivos, océanos de auga, moito osíxeno e infinidade de marabillas naturais. Formouse pouco despois de que comezara a formarse o Sol, fai uns 4,5 billóns de anos.



MARTE:



Algunhas persoas refírense a el como o “planeta vermello”, porque a súa superficie ten óxido de ferro, un material de cor vermello. Ó igual que os tres planetas anteriores, o seu chan é de rocha sólida. Actualmente, os científicos interesáronse en Marte porque cren que puido ou poderá albergar vida, incluso esperan que nun futuro algunhas persoas poidan ir vivir alí.




XÚPITER:



Un cinto de asteroides separa a Marte de Xúpiter, que é o planeta máis grande do Sistema Solar. É unha enorme bóla de gas e ten máis satélites que ningún outro planeta. A gran mancha vermella, unha tormenta que parece un remuíño, é incluso máis grande que a Terra.



SATURNO:



É outra bóla de gas, pero é máis coñecido por ter un xigante conxunto de aneis compostos por millóns de pedaciños de xeo. É o sexto planeta máis cercano ó Sol, e está a unha distancia de 1,4 billóns de quilómetros de distancia de el.



URANO:



Ten uns aneis delgados, pero non son tan visibles como os de Saturno. É un planeta case o dobre de grande de Neptuno, vese de cor azul porque ten un gas chamado metano. Non xira sobre si mesmo como fan os demais, en vez de facelo de forma similar á Terra, faino de costado.



NEPTUNO:



É gasoso, tamén é o planeta máis pequeno e o máis afastado do Sol. Polo tanto é un planeta xeados. Ten ventos moi fortes e tarda 165 anos en completar a súa órbita. En 2011 ramatou o seu percorrido arredor do Sol, dende que foi descuberto en 1846.

